biblioteca pública da coruña miguel gonzález garcés

PRÉSTAMO DE DOCUMENTOS

Requisitos

Para poder facer uso del é preciso ter o carné da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, válido para as bilbiotecas públicas de galicia:

Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés
Biblioteca Pública de Lugo
Biblioteca Pública de Ourense
Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola
Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal
Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel
As bibliotecas de titularidade pública local integradas no Catálogo colectivo da Rede.

Podes consultar a listaxe completa de bibliotecas integradas na páxina da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Además do préstamo, o carné permite acceder:

Á plataforma de libro electrónico GaliciaLe
Á sesión persoal do catálogo, onde cada lector ou lectora pode renovar os seus préstamos, suxerir compras, facer comentarios etc.

Para obter o carné será necesario:

Cubrir un formulario en liña ou achegarse á biblioteca e facelo de xeito presencial.
Mostrar o DNI ou un documento oficial de identidade con fotografía para recoller o carné.
Os menores de 14 anos deberán proporcionar o nome e o número de DNI dunha persoa adulta responsable (pai, nai, titor, titora).
Cando se trate dunha entidade, a dirección solicitará a alta da institución como usuaria e nomeará a unha persoa responsable do uso do carné.

O carné é gratuito, persoal e intransferible. Soamente poderá cederse a outra persoa no caso de que a persoa interesada non poida acudir á biblioteca. Previamente deberá cubrir un formulario en liña (tamén dispoñible en papel) para que outra persoa poida facer uso do seu carné. A anulación das autorizacións deberá comunicarse por escrito á biblioteca.

Calquera cambio ou modificación nos datos persoais (cambio de domicilio, información de contacto etc.) deberá comunicarse á biblioteca para que poida actualizalos a efectos prácticos e de comunicación.

A tarxeta só se cambiará en caso de deterioro ou perda. Neste último caso é preciso cumprimentar unha nova solicitude.

Modalidades de préstamo

A biblioteca ofrece as seguintes modalidades de préstamo:

O préstamo persoal a domicilio

Realízase de xeito directo e individual a cada persoa usuaria da biblioteca no mostrador da planta baixa ou nas máquinas de autopréstamo.

Público adulto (a partir de 14 anos)

O carné de persoa adulta permite levar prestados un máximo de 20 exemplares por persoa. Pódense facer distintas combinacións de materiais de adultos e infantís ata o máximo establecido.

CADRO RESUMO PRÉSTAMO ADULTOS

Público infantil (ata 14 anos)

O carné infantil permite xestionar un máximo de 17 exemplares por persoa. Este tipo de préstamo está suxeito aos materiais dispoñibles na Sala Infantil e Xuvenil, excluíndo libros, películas e outros documentos destinados a persoas adultas.

CADRO RESUMO PRÉSTAMO INFANTIL

Préstamo intrabibliotecario

A biblioteca ofrece, ademais, a posiblidade de levar en préstamo aqueles documentos que non se atopan entre os seus fondos pero si en algunha das seguintes bibliotecas públicas de Galicia:

- Biblioteca Pública de Lugo
- Biblioteca Pública de Ourense Nós
- Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola
- Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal
- Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel
- Biblioteca Municipal de Ferrol

A persoa usuaria pode localizar o título do seu interese no catálogo colectivo e solicitalo por calquera das seguintes vías:

- Presencialmente
- A través da Solicitude de préstamo intrabibliotecario

O número máximo de documentos que se poden solicitar nunha petición e 1. No caso de que a obra esté constituída por varias partes (volúmenes de libro, capítulos de serie etc.) poderán solicitarse ata un máximo de tres.

O prazo de recepción do material solicitado adoita ser de 2 ou 3 días. Unha vez recibido a biblioteca comunicará á persoa usuaria a chegada do documento. A partir deste momento a persoa usuaria contará con 7 días para recollelo. No caso de non retirar o material solicitado, a sanción será de 10 días sen préstamo.

Os prazos de devolución, as renovacións etc., son comunes para toda a Rede de Bibliotecas xestionadas pola Xunta de Galicia na que se inclúe a Biblioteca Pública de A Coruña Miguel González Garcés.

Préstamo interbibliotecario

O préstamo interbibliotecario é un servizo que facilita ao público o acceso á aquelas publicacións que precise para investigación ou estudo pero que non se atopen entre os fondos da biblioteca nin das restantes bibliotecas públicas xestionadas pola Xunta de Galicia.

A biblioteca localizará e solicitará a obra á entidade correspondente pola vía máis rápida, xa sexa o orixinal ou unha reproducción (fotocopia, copia dixitalizada etc.). A consulta dos orixinais solicitados farase nunha sala da biblioteca, a non ser que a biblioteca prestataria permita o préstamo a domicilio.

As solicitudes de obras en préstamo interbibliotecario pódense realizar por calquera das seguintes vías:

- Por teléfono, chamando ao 881 960 384
- Por correo electrónico: bpc.pi@xunta.gal
- A través dos seguintes formularios
  - Solicitude de préstamo interbibliotecario (para usuarios)
  - Solicitude de préstamo interbibliotecario (para bibliotecas)

Os custos, no caso de habelos, correrán por conta do usuario ou usuaria.

O máximo de documentos que se poden solicitar nunha petición é 1.

Os prazos de recepción do material dependerán da biblioteca prestataria. Unha vez recibido, a biblioteca comunicaralle á persoa solicitante a chegada do documento. A partir deste momento terá 7 días para recollelo. No caso de non retirar o material solicitado nese prazo, a sanción será de 10 sen préstamo.

Préstamo colectivo a entidades

É un servizo que ofrece a biblioteca a asociacións, institucións, colexios e institutos, centros ocupacionais, agrupacións culturais, centros de recursos, grupos de teatro e outros colectivos.

A dirección ou persoa encargada da institución correspondente solicitará a alta da entidade cubrindo un formulario en liña e nomeando a unha persoa responsable.

O número máximo de documentos que se poden retirar por carné é de 60 por biblioteca e 120 en total en toda a rede.

CADRO RESUMO PRÉSTAMO ENTIDADES.

Renovacións

Os materiais prestados pódense renovar pasados 5 días desde a realización do préstamo e ata o día da súa caducidade:

- Por teléfono, chamando ao 881 960 392 / 881 960 397
- Na propia biblioteca
- Vía web accedendo á conta persoal do catálogo identificándose co número de carné e o seu contrasinal

Devolucións

Todas as devolucións efectuaranse na biblioteca donde se levou a cabo o préstamo. O material poderá devolverse:

- Nas máquinas de autodevolución.

No buzón exterior da biblioteca, fóra do horario de apertura da biblioteca.

Sancións

Non respectar os prazos de préstamo suporá unha sanción de 1 día por cada día e documento restrasado (1 día X nº de días de retraso X nº de doc. restrasados). Se o documento non se devolve o carné quedará bloqueado permanentemente e non poderá levar ningún material en préstamo en ningunha das bibliotecas da Rede.

No caso de deterioro dun documento por parte dun usuario, o persoal da biblioteca valorará a súa posible reparación. Se non é posible, o usuario deberá repoñelo.

No caso de perda dun documento por parte dunha persoa usuaria, ésta deberá repoñelo.

Se o exemplar xa non está dispoñible no mercado, o persoal da biblioteca propondrá un título alternativo. Mentres tanto, a persoa usuaria non poderá levar ningún material en préstamo.



SOLICITUDE DO CARNÉ DE USUARIO OU USUARIA

SOLICITUDE DO CARNÉ DE ENTIDADE

AUTORIZACIÓN / REVOGACIÓN PARA O USO DO CARNÉ POR OUTRA PERSOA

SOLICITUDE DE PRÉSTAMO INTRABIBLIOTECARIO

SOLICITUDE DE PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO (PARA BIBLIOTECAS)

SOLICITUDE DE PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO (PARA BIBLIOTECAS)

DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

- Galicia Le

---

https://bibliotecas.xunta.gal/coruna/gl/servizos/prestamo-de-documentos